

INFORME DE CONXUNTURA SOCIOECONÓMICA

II / 2018

FERNANDO GONZÁLEZ LAXE (COORD.)

JOSÉ FRANCISCO ARMESTO PINA

PATRICIO SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

SANTIAGO LAGO PEÑAS

ASPECTOS SALIENTABLES

1. A economía galega encadea 10 trimestres consecutivos con taxas de crecemento interanuais igual ou superiores ao 3%, acadando no primeiro trimestre de 2018 unha medra do 3,1%, porcentaxe similar ao dos últimos trimestres de 2017. Este incremento é unha décima superior á media española estimada polo INE e supera ao rexistrado na zona euro (2,5%) e na Unión europea (2,4%). Xa que logo, avánzase no proceso de converxencia retomado coa recuperación económica. Dende o comezo da serie histórica (1995), só se rexistra un período máis longo con ritmos de crecemento como o actual entre o segundo trimestre de 1997 e o cuarto de 2001 (19 trimestres consecutivos) e entre o segundo trimestre de 2005 e primeiro de 2008 (12 trimestres).

2. O crecemento agregado do PIB en Galicia segue caracterizándose polo seu equilibrio das achegas positivas da demanda interna e da externa. A significativa contribución da demanda interna, que se sitúa en 2,6 puntos, o valor máis elevado dende o cuarto trimestre de 2007, pode considerarse como un dos aspectos máis salientables. Esta contribución explícase tanto polo impulso do investimento (4,6% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior) como pola mellora do consumo dos fogares, que acada unha medra interanual do 2,8%, a taxa máis elevada dende 2006. Comparado co estimado no conxunto da economía española, tanto o investimento como o gasto en consumo final presentan en Galicia unha taxa de variación interanual superior á española. No que ao consumo se refire,

o gasto privado medra ao mesmo ritmo que no conxunto do Estado, rexistrando o gasto público un maior dinamismo en España.

3. A demanda externa contribúe cinco décimas ao crecemento do PIB, un punto porcentual menos que no mesmo período do ano anterior. Tanto as exportacións como as importacións presentan un crecemento igual ou superior ao 7%. Se se consideran tan só as comerciais con terceiros países, o saldo positivo da balanza de pagos ascende a case 1.300 millóns de euros, destacando que o subsector téxtil-confección mantense como o sector co saldo positivo máis elevado, con 1.388 millóns de euros (un 57,7% superior ao do ano anterior), en tanto que o sector do automóbil mantén o saldo deficitario rexistrado nos primeiros tres meses dos últimos tres anos (case 310 millóns de euros).

4. Dende o punto de vista da oferta, o aspecto máis destacado é que todos os sectores contribúen de xeito positivo, salientando o bo comportamento do sector industrial (6,3%), e máis en concreto da industria manufacturera. Cunha medra do 4,6%, aboia como a rama de actividade de maior dinamismo. Nembargante, cómpre mencionar que os outros tres grandes sectores presentan unha ralentización no seu ritmo de crecemento interanual. O sector servizos medra (en taxa interanual) no primeiro trimestre do ano un 2,3% fronte ao 3,9% do ano anterior, mentres que o sector primario e a cons-

trución presentan un incremento do 0,1% e 3,5%, respectivamente (3,2% e 3,9% no mesmo período do ano anterior).

5. Os grandes agregados do mercado de traballo galego manteñen unha tendencia razoablemente positiva, atendendo á evolución da ocupación e á caída do desemprego, especialmente significativo no caso do paro de longa duración. Dunha banda, as afiliacións medran un 2,7% respecto ao primeiro trimestre do ano anterior, fronte ao 1,6% no caso da poboación ocupada segundo a EPA e os postos de traballo equivalente (contas económicas). Doutra banda, o paro estimado descende un 14,1% e o rexistrado no servizo público de emprego, cun 11,2%.

6. No primeiro trimestre do ano, os tres indicadores de emprego presentan taxas de crecemento inferiores á media estatal, mentres que o paro estimado pola EPA non só descende en maior medida que a media española, senón que se sitúa como a quinta con maior redución. A taxa de actividade galega descende ata o 53%, tres décimas menos que no ano anterior, e a taxa de ocupación ata o 45%, manténdose Galicia entre as CC.AA. cun valor máis reducida. Por contra, a taxa de paro redúcese ata o 15,1%, a porcentaxe máis baixa nun primeiro trimestre dende o ano 2009, destacando que no primeiro trimestre do ano Galicia e sitúa como a quinta comunidade autónoma con maior descenso do paro en termos relativos.

7. Con todo, no actual contexto económico positivo persisten os elementos preocupantes sinalados en informes anteriores. Nomeadamente, pódense destacar a continua caída da poboación activa, especialmente grave no caso da poboación de 25 a 34 anos (máis dun 22% dende o primeiro trimestre de 2014), así como a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media española, e o incremento da taxa de temporalidade. Asemade, a pesares da evolución positiva no que atinxe á redución da taxa de emprego a tempo parcial involuntario e ao paro de longa duración, estes aínda representan o 57% dos ocupados a tempo parcial e o 46,4% da poboación parada, respectivamente.

8. A innovación é un tema chave para o desenvolvemento económico e social dun territorio. Durante o período 2004-2014, as empresas manufactureiras galegas levaron a cabo menos actividades innovadoras que as españolas. Aínda así, experimentaron unha caída nas súas vendas e persoais similar á destas últimas. Por tanto, as relacións entre innovación e crecemento empresarial non sempre son directas. En particular, cando o crecemento tórnase negativo, o investimento en I+D inicialmente tamén se ve reducido, aínda que, non se renuncia do todo ás actividades innovadoras, que remontan nos momentos máis agudos da crise (2009-2011). Isto é, máis que impulsar o crecemento, o desenvolvemento de actividades innovadoras podía actuar como condición necesaria para garantir a supervivencia.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURAL

- . Contas económicas.
- . Mercado de Traballo.

II- COMENTARIO

- . Crecimiento e innovación de las empresas manufactureras gallegas.
- Autor: Manuel Ángel Nogueira Moreiras y Sara Fernández-López.

III-ACTUALIDADE FORO

- . A vueltas con las zanjas.
- Autor: Marcelino Otero López.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN: 2530-318X

Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Xuño de 2018

I- ANÁLISE DE CONTAS

1- CONTAS ECONÓMICAS 2018.


A economía galega mantén un ritmo de crecemento do PIB real similar ao estimado no segundo semestre do ano anterior. En termos interanuais, a actividade económica galega medra un 3,1%, sendo esta porcentaxe do 0,7% en relación ao trimestre anterior.

O crecemento agregado do PIB segue caracterizándose polo seu equilibrio atendendo ás achegas positivas tanto da demanda interna como externa. Con todo, un dos aspectos máis salientables é a significativa contribución da demanda interna, que se sitúa en 2,6 puntos, o valor máis elevado dende o cuarto trimestre de 2007. En termos de crecemento os aspectos máis positivos foron o impulso do investimento 4,6% e a mellora do consumo dos fogares, que acada unha medra do 2,8%, a taxa máis elevada dende o ano 2006. No que á demanda externa se refire, tanto as exportacións como as importacións presentan un crecemento igual ou superior ao 7%. Polo lado da oferta, todos os sectores contribúen de xeito positivo, destacando o bo comportamento do sector industrial, e máis en concreto da industria manufacturera, que se sitúa como o sector de maior dinamismo.

A economía galega encadea dez trimestres consecutivos con crecementos iguais ou superiores ao 3%, rexistrando no primeiro trimestre do ano unha medra do 3,1%, unha décima por riba da media estatal. No conxunto da zona euro o crecemento do PIB foi do 2,5%, e na UE-28 do 2,4%, polo que continúa o proceso de converxencia coa media europea retoma-

do co inicio da recuperación económica. Se a análise se fai en termos intertrimestrais, tanto a economía galega como a española presentan un incremento do seu PIB do 0,7% no primeiro trimestre do ano, tres décimas superior ao rexistrado tanto no conxunto dos países da zona euro como na UE-28.

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2012-2018




DEMANDA AGREGADA

A demanda interna segue a ser quen explica en maior medida o crecemento agregado do PIB en Galicia, cunha achega no primeiro trimestre do ano de 2,6 puntos, máis dun punto por riba da contribución no mesmo período do ano anterior (1,5

puntos). Deste xeito, o saldo exterior neto contribúe con cinco décimas, cando no ano anterior aportaba 1,5 puntos. Comparado co rexistrado no conxunto do Estado, a demanda interna continúa cunha achega superior á estimada en Galicia

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2016-2018



Fonte: IGE e INE

(2,8 puntos porcentuais en España) ao contrario do que acontece coa demanda externa (dúas décimas no Estado).

Entre os compoñentes da demanda interna salienta en primeiro lugar, ao igual que no segundo semestre de 2017, o forte impulso do investimento, medido en termos de formación bruta de capital. No primeiro trimestre do ano 2018, a taxa de crecemento interanual do investimento en Galicia foi do 4,6%, tres puntos por-

centuais por riba do estimado no mesmo período do ano anterior. Pola contra, o consumo final das familias presenta un acusado dinamismo ao medrar un 2,8% respecto ao primeiro trimestre do ano anterior, o que supón o ritmo máis acusado dende o cuarto trimestre de 2006 (3,4%). Por último, o consumo das administracións públicas medra un 1,2%, case tres puntos menos que a rexistrada no ano anterior (3,9%).

Cadro macroeconómico de Galicia 2015-2018. Taxas de variación interanual.

	%				
	2015	2016	2017	2017/I	2018/I
Produto Interior Bruto	2,4	3,1	3,1	3,0	3,1
Demanda					
Gasto en consumo final	1,0	2,1	1,5	1,5	2,4
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	1,1	2,0	1,3	0,7	2,8
AA. Públicas	0,8	2,2	2,1	3,9	1,2
Formación Bruta de Capital	3,1	0,6	3,2	1,6	4,6
Achega demanda interna ao PIB	1,4	1,8	1,7	1,5	2,6
Exportacións	1,5	5,5	4,8	6,9	7,3
Importacións	-0,6	3,1	2,3	4,2	7,0
Achega demanda externa ao PIB	1,0	1,3	1,4	1,5	0,5
Oferta					
Sector primario	-4,6	1,1	1,7	3,2	0,1
Industria	0,1	2,4	1,7	-1,3	6,3
Industria manufacturera	3,6	3,5	4,2	2,8	4,6
Construción	2,6	1,6	3,5	3,9	3,5
Servizos	3,3	3,5	3,3	3,9	2,3
Comercio, transporte e hostalería	6,9	7,4	6,3	7,8	3,3
Información e comunicacións	1,4	3,8	5,1	7,3	1,2
Actividades financeiras e de seguros	-5,9	0,0	0,5	1,1	0,5
Actividades inmobiliarias	0,1	0,2	0,9	1,2	1,2
Actividades profesionais	7,2	4,0	3,9	4,3	3,7
Administración pública, sanidade e educación	0,8	0,9	1,3	1,1	1,8
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	6,3	1,5	0,3	0,3	0,3


Fonte: IGE

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, cómpre mencionar que no último trimestre tan só o consumo das administracións públicas presenta un incremento superior ao reflectido nas contas económicas de Galicia (1,9% e 1,2%, respectivamente), sendo similar no caso do gasto en consumo final dos fogares (2,8%). Polo contra, o investimento presenta en España unha taxa de variación interanual do 3,7%, nove décimas menos que o rexistrado na economía galega.

No concernente ao sector exterior, o cadro macroeconómico de Galicia presenta unha importante aceleración no ritmo de crecemento tanto das exportacións como das importacións. Neste primeiro trimestre as exportacións me-

draron un 7,3% en relación ao ano anterior, 1,4 puntos máis que no mesmo período de 2017, en tanto que as compras fóra de Galicia o fixeron nun 7% (4,2% no ano anterior). No conxunto do Estado tanto as vendas ao exterior como as compras de terceiros países presentan un incremento significativamente inferior ao rexistrado en Galicia, medrando as exportacións un 3,2% e as importacións un 2,8%. Tras esta evolución, a achega en Galicia do saldo exterior neto redúcese ata as cinco décimas, a contribución máis reducida dende o cuarto trimestre de 2012 (detrae dúas décimas). A economía española segue a amosar unha achega inferior á estima-

PIB real en Galicia e España 1º trimestre 2018. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE

da para a economía galega (dúas décimas).

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total acumulado das exportacións galegas nos tres primeiros meses do ano, tras unha medra do 9,4%, sitúase en 5.696,9 millóns de euros, o que representa o 8% do total estatal (8,3% ao comezo da crise económica). Tras unha medra das importacións do 3,7%, as importacións galegas ascenden a 4.398,2 millóns de euros, do que se deduce que o saldo positivo da balanza comercial galega se sitúa nos 1.298,6 millóns de euros.

O sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a


ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor. Dunha banda, en 2018, tras unha medra do 17,5% respecto ao ano anterior, o téxtil vendeu ao exterior produtos por valor de 1.627,4 millóns de euros, o que representa o 28,6% das exportacións galegas. Doutra banda, as vendas do sector do automóbil aumentaron ata os 1.080,6 millóns de euros, un 9,5% máis que no ano anterior, concentrando o 19% do total galego. Ambas actividades acollen o 47,5% das exportacións galegas fronte ao 50,6% existente no ano 2009. Como se reflicte no gráfico seguinte, ambos sectores presentan una evolución dispar, xa que mentres o peso relativo do sector téxtil presen-

ta unha acusada tendencia crecente, o sector do automóbil reduce o seu peso no importe total das exportacións galegas. No concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores no primeiro trimestre de 2018, o subsector téxtil-confección mantense como o sector co saldo positivo máis elevado, con 1.388 millóns de euros (un 57,7% superior ao do ano anterior), en tanto que

o sector do automóbil mantén o saldo deficitario rexistrado nos primeiros tres meses dos últimos tres anos. No primeiro trimestre de 2018, o saldo negativo da balanza comercial do sector do automóbil sitúase en case 310 millóns de euros, un 12,1% inferior ao rexistrado no mesmo período do ano anterior.

Ademais da devandita concentración sectorial, cabe insistir na aínda elevada

Exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 1º trimestre 2009-2018.




concentración xeográfica. Neste senso, o conxunto dos países da UE-28 representan no primeiro trimestre de 2018 o 80,8% das exportacións galegas, case seis puntos superior á do ano anterior. Francia e Portugal seguen sendo os principais clientes das empresas galegas ao acoller o 20% das vendas ao exterior e o 13,7%, respectivamente.


No mesmo período de 2008, Francia concentraba máis do 40% das exportacións galegas, fronte ao 15,9% no caso de Portugal. Coma se aprecia no cadro seguinte, os oito países máis importantes onde se dirixen as vendas das empresas galegas son países comunitarios, concentrando o 70,2% do valor total das exportacións (73,4% en 2008).

Exportacións galegas 1º trimestre 2018. Distribución sectorial e xeográfica

Distribución sectorial



Distribución xeográfica



Fonte: ICEX

AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial, o primeiro trimestre de 2018 caracterízase en primeiro lugar polas taxas de crecemento interanual positivas nas distintas ramas de actividade. Xunto a este aspecto positivo cómpre resaltar o forte dinamismo do sector industrial, presentando a industria manufactureira unha medra interanual do 4,6%, o que a sitúa como a actividade de maior crecemento.

Os outros tres grandes sectores presentan en 2018 unha taxa de variación interanual inferior á rexistrada no mesmo período do ano anterior. Dunha banda, o sector servizos medra no último trimestre un 2,3% fronte ao 3,9% no mesmo período do ano anterior, presentando tan só o subsector da administración pública, sanidade e educación un incremento superior ao do ano anterior (1,8% no primeiro trimestre de 2018 e 1,1% en 2017). No extremo oposto destacan as ralentizacións rexistradas nas actividades de comercio, transporte e hostalería e nas de información e comunicacións, con medras do 3,3% e 1,2% no primeiro trimestre de 2018, respectivamente (7,8% e 7,3% no mesmo período do ano anterior).

O sector primario e a construción presentan un incremento do 0,1% e 3,5%, respectivamente, cando no ano anterior eses incrementos foran do 3,2% no caso do sector primario e do 3,9% no da construción.


Comparado coas taxas de crecemento no conxunto da economía española, a sector industrial no seu conxunto, así como a industria manufactureira en particular, e o subsector de comercio, transporte e hostalaría presentan en Galicia un mellor comportamento. O maior diferen-

cial positivo con respecto á media estatal rexístrase no conxunto das actividades industriais (6,3% fronte ao 2,8% en España) e na industria manufactureira (4,6% fronte a 2,9% no Estado), mentres que no extremo oposto, as actividades profesionais medran un 6,5% en España fronte ao 3,7% na Comunidade Autónoma, e o sector primario o fai nun 0,1% fronte ao 3,3% no Estado.

Tras esta evolución, o 26,6% do veb xerado en Galicia corresponden ás actividades de comercio, transporte e hostalería, fronte ao 18,4% das administracións públicas, sanidade e educación, e o 14% da industria manufactureira. As actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, xeran o 5,8% do veb galego. Como se aprecia na figura seguinte, dende o comezo da recuperación en 2014 continúa o incremento do peso relativo do sector servizos (1,3 puntos porcentuais), influenciado especialmente polo comportamento do comercio, transporte e hostalería (tres puntos máis que en 2014). A industria manufactureira e as actividades de información e comunicacións, presentan unha importancia relativa lixeiramente superior (seis e catro décimas, respectivamente).


Con todo, se a comparación se fai coa estrutura produtiva existente antes da crise económica, rexístrase unha medra importante das actividades de comercio, transporte e hostalería (22,8% en 2008), producíndose unha forte caída do peso relativo no caso da construción (12,1% en 2008) así como unha redución da industria manufactureira, que supuña case o 16,2% do veb galego.

Produto Interior Bruto en Galicia e España no 1º trimestre de 2018: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

Estrutura produtiva de Galicia no primeiro trimestre de 2008, 2014 e 2018 (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

PRODUTIVIDADE APARENTE DO TRABALLO

A modo de conclusión cómpre facer referencia á evolución da produtividade aparente do factor traballo (PFT), que continúa sendo un dos problemas máis importantes da economía galega. A partir dos datos recollidos nas contas trimestrais, se pode realizar unha aproximación á produtividade a través de dous indicadores complementarios: o cociente entre o PIB e o número de postos de traballo equivalente a tempo completo, e a relación entre o PIB e o número de horas traballadas.

O primeiro elemento que se pode destacar é que ambos os dous indicadores presentan unha evolución positiva no período de tempo considerado, se ben están por baixo da media española. Se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a PFT en Galicia supón no primeiro trimestre de 2018 o 95,2% da produtividade no conxunto do Estado, fronte ao 87,2% do ano 2008 e o 91,4% de 2014. No caso da produtividade por hora traballada, esta porcentaxe é do 89,7% no primeiro trimestre de 2018 fronte ao 81% de 2008 (85,4% en 2014).

No último ano, o PIB en termos monetarios (prezos correntes) medrou un 4,1% en Galicia, unha décima máis que no conxunto do Estado, en tanto que o número de postos de traballo medrou un 1,6% e as horas traballadas un 0,9%. Deste xeito a produtividade mellorou un 2,4% no primeiro caso, e un 3,1% se se mide en relación ás horas traballadas (1,6% e

2,3% no Estado, respectivamente).


Como segundo elemento a destacar, cómpre insistir na baixa produtividade da industria manufactureira en comparación co acontecido no conxunto da economía española. Este é un factor preocupante se se ten en conta a importancia do sector industrial na definición dun modelo de crecemento estable a medio e longo prazo. A pesar do lixeiro incremento, ambos os dous indicadores seleccionados reflicten que a PFT sitúase por baixo do 80% do valor español dende o comezo da recuperación económica.

No primeiro trimestre de 2018 todos os sectores de actividade presentan unha produtividade inferior á media estatal, en termos de PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo, en tanto que no caso da produtividade por hora traballada, a construción presenta unha produtividade de similar á media española. Cómpre resaltar que tanto os servizos, como en moita menor medida a industria manufactureira presentan unha evolución positiva dende o ano 2015.


Por contra, a PFT descende volve a descender no caso do sector primario, presentando no último trimestre unha produtividade inferior á media española tanto se se mide en termos de horas traballadas como de postos de traballo equivalentes a tempo completo. Cómpre resaltar a forte caída do PIB por hora traballada (España = 100), que no primeiro trimestre de 2018 representa o 76,9% da PFT en España.

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia no primeiro trimestre 2015-2018 (España = 100)

PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo




PIB por hora traballada



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia e España no primeiro trimestre 2007-2018
(PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo)



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

2- MERCADO DE TRABAJO

1- TENDENCIA POSITIVA PERO CON MATICES.

O mercado de traballo galego mantén a súa tendencia razoablemente positiva dos últimos trimestres atendendo á evolución da ocupación e á caída do desemprego, especialmente significativo no caso do paro de longa duración. No eido da ocupación, o incremento da poboación ocupada prodúcese entre os traballadores con xornada completa en tanto que se reduce a xornada a tempo parcial. No concernente ao desemprego, xunto á redución da taxa de paro ata o 15,1%, a porcentaxe máis baixa nun primeiro trimestre dende o ano 2009, cómpre resaltar que no primeiro trimestre do ano Galicia sitúase como a quinta comunidade autónoma con maior descenso do paro en termos relativos.

Con todo, a pesar dos dez trimestres consecutivos con taxas de crecemento da actividade produtiva iguais ou superiores ao 3%, persisten elementos preocupantes sinalados nos anteriores informes de conxuntura. Entre estes pódense destacar a continua caída da poboación activa, especialmente grave no caso da poboación de 25 a 34 anos (máis dun 22% dende o primeiro trimestre de 2014), a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media española, o incremento da taxa de temporalidade ou o aínda elevado peso, a pesar da súa redución, da xornada a tempo parcial por motivo de non poder atopar un traballo a xornada completa (57%).

A poboación activa galega experimenta no primeiro trimestre do ano, a diferenza do acontecido no mesmo período do ano anterior, un descenso de 14.200 persoas para situarse nos 1.236.600 persoas, un 1,1% inferior á estimada no mesmo período do ano anterior, en tanto que no conxunto do Estado esta redución é de tan só unha

décima. Unha vez máis é necesario insistir na gravidade da caída da poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, así como na necesidade de medidas específicas para reverter esta situación. No primeiro trimestre do ano Galicia conta con 239.100 persoas activas de 25 a 34 anos, sendo a taxa de variación interanual

do -4% (9.600 persoas menos) fronte aos -2,3% no conxunto do Estado. Dende o comezo da recuperación económica no 1º trimestre de 2014, a poboación activa galega con idades comprendidas entre 25


e 34 anos descendeu en 65.900 persoas, o que supón unha caída do 22,1%, porcentaxe tan só por baixo do rexistrado en Asturias e Cantabria (-27,7% e -23,48%, respectivamente).

Principais datos do mercado de traballo no primeiro trimestre 2014-2018

	2014	2015	2016	2017	2018	2018 / 2017	
<i>Miles de persoas</i>						milles personas	%
Poboación maior de 16 anos	2.373,3	2.361,6	2.351,1	2.347,3	2.334,8	-12,5	-0,5
Poboación activa	1.279,8	1.263,2	1.249,0	1.250,8	1.236,6	-14,2	-1,1
25 - 34 anos	297,8	280,4	260,4	241,5	231,9	-9,6	-4,0
Poboación ocupada	982,8	987,5	1.021,1	1.033,6	1.050,1	16,5	1,6
Conta propia	218,9	213,1	222,7	232,3	218,2	-14,1	-6,1
Conta allea	763,9	774,0	797,6	801,1	831,4	30,3	3,8
Outra situación	0,0	0,4	0,9	0,3	0,5	0,2	66,7
Poboación parada	296,9	275,7	227,9	217,1	186,5	-30,6	-14,1
Parado longa duración	154,4	148,8	109,5	106,9	86,5	-20,4	-19,1
Poboación inactiva	1.093,5	1.098,3	1.102,2	1.096,6	1.098,1	1,5	0,1
Taxa de actividade	53,9%	53,5%	53,1%	53,3%	53,0%		
Taxa de ocupación	41,4%	41,8%	43,4%	44,0%	45,0%		
Taxa de paro	23,2%	21,8%	18,2%	17,4%	15,1%		
Taxa de temporalidade	21,4%	23,6%	25,0%	25,8%	26,7%		
Afiliacións (media trimestral)	901,9	918,8	934,7	952,4	977,9	25,5	2,7
Paro rexistrado (media trimestral)	279,2	256,2	234,5	211,4	187,7	-23,6	-11,2

Fonte: INE

Evolución da poboación activa e taxa de actividade en Galicia 2008-2018



Fonte: INE

A taxa de actividade, que relaciona a poboación activa coa poboación maior de 16 anos, sitúase no primeiro trimestre de 2018 en Galicia no 53%, tres décimas menos que no mesmo período do ano anterior. Esta porcentaxe é sensiblemente inferior á estimada no conxunto do mercado de traballo español (58,5%), e mantén a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida tan só por diante de Asturias (51%).

OCUPACIÓN



Os tres indicadores de emprego considerados (Seguridade Social, EPA e postos de traballo a tempo completo) presentan por décimo segundo trimestre consecutivo taxas de crecemento interanuais positivas ao tempo que se reduce tanto o paro rexistrado nas oficinas de emprego como o estimado na EPA. No primeiro trimestre do ano a poboación ocupada estimada pola EPA presenta unha medra interanual do 1,6% (16.500 ocupados máis), sendo este incremento do 2,7% no caso do número

de afiliacións rexistradas (25.546 afiliacións máis) e do 1,6% no das contas económicas (15.893 postos de traballo equivalente a tempo completo). Se a comparación se realiza co primeiro trimestre do ano 2014, por ser o período de tempo que se pode considerar como punto de inflexión en termos de ocupación e desemprego, as afiliacións medraron en máis de 76.000 persoas (8,4%) e a poboación ocupada en 67.300 persoas (6,8%).

Estes datos positivos non son suficientes cando se compara coa evolución seguida no conxunto do Estado, xa que Galicia continúa, un trimestre máis, con medras inferiores á media estatal nos tres indicadores mencionados: a poboación ocupada aumenta un 2,4%, o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo presentan unha taxa de variación interanual do 2,6%, situándose esta porcentaxe no 3,5% no caso das afiliacións.

Tras o devandito incremento do número de afiliacións, Galicia conta no primeiro trimestre de 2018 con 977.948 afiliacións (media dos tres primeiros meses). Ao igual

Ocupación e desemprego en Galicia 2013-2018. Taxas de variación interanuais



Fonte: IGE

que no mesmo período do ano anterior, este incremento rexístrase tanto nas afiliacións ao réxime xeral, como no réxime agrario e no réxime especial do mar, descendendo por contra o número de autónomos e de afiliacións ao réxime especial de empregados do fogar. Tras unha medra de 26.861 afiliacións, Galicia conta con 711.919 afiliacións ao réxime xeral, mentres que o número de autónomos descende ata os 212.624 afiliacións, 1.495 menos que a media dos tres primeiros trimestres do ano anterior.

Centrándonos na análise da poboación ocupada, Galicia conta con 1.050.100 ocupados no primeiro trimestre do ano, 16.500 persoas máis que no mesmo período do ano anterior. A diferenza do que acontece en España, a ocupación masculina presenta en Galicia un mellor comportamento que a feminina, aumentando a ocupación en 9.300 persoas no caso dos homes (2%) e en 7.200 no caso das mulleres (1,6%). Tanto nun caso como noutro, o mercado laboral de España presenta un mellor comportamento que o galego (2,3% e 2,4%, respectivamente).

A taxa de ocupación, que mide a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos, aumenta ata o 45%, case catro puntos menos que no conxunto do Estado (48,7%). Comparado co resto das CC.AA., Galicia presenta unha taxa de ocupación tan só superior ás estimadas para Extremadura (40,8%), Andalucía (43%) e Asturias (43,3%), ademais de Ceuta e Melilla (40,5% e 44,3%, respectivamente).


No concernente á distribución sectorial da ocupación, o sector servizos acolle o 70,9% dos ocupados galegos (744.800 persoas), destacando pola súa importancia cuantitativa as actividades de comercio e reparación de vehículos de motor, con

179.000 persoas (17% do total), as actividades sanitarias e de servizos sociais, con 93.600 persoas (8,9%) e a hostalería e educación con aproximadamente 70.000 ocupados (6,6% e 6,7%, respectivamente). A industria manufactureira concentra un 14,8% da ocupación (155.100 persoas), entre cuxas ramas de actividade salientan as industrias de alimentación e bebidas acollen a 43.300 persoas (4,1% da ocupación galega). Finalmente, a construción da emprego ao 6,3% da poboación ocupada galega (65.800 persoas), en tanto que o sector agrario representa o 5,1% da ocupación total (53.300 ocupados) e as actividades da pesca e acuicultura, o 1,6% restante (16.400 persoas).

Comparado coa composición sectorial no conxunto de España, salienta o maior peso relativo tanto do sector primario (4,4% en España) como da industria manufactureira (12,8% no Estado), mentres que o sector servizos representa o 75,8%. A construción mantén unha porcentaxe similar lixeiramente superior ao 6%.

O devandito incremento interanual da ocupación de 16.500 persoas explícase polo comportamento experimentado no sector servizos, que volve a ser o sector de maior creación de emprego en termos absolutos (18.300 persoas máis), e na industria manufactureira (6.900 persoas máis). Por contra, o sector agrario e pesqueiro perden 2.200 e 4.400 ocupados no período analizado, sendo esta caída de 400 persoas na construción. Entre as distintas ramas de actividade englobadas no sector terciario cómpre resaltar, dunha banda, os incrementos da ocupación estimados no comercio, con 10.300 persoas ocupadas máis (6,1%), na Administración pública, con 8.400 persoas máis (12,4%) e nas actividades sanitarias e

Evolución da poboación ocupada en Galicia no primeiro trimestre: distribución segundo rama de actividade. Variación interanual (miles de persoas).




Fonte: INE

de servizos sociais, con 8.100 máis (9,5%). No extremo oposto, a educación e as actividades de transporte e almacenamento son as que máis poboación ocupada perden, con 5.800 (7,6%) e 2.200 (4,4%) persoas menos, respectivamente. No caso da industria manufacturera, salientan os incrementos de 6.300 persoas nas actividades de Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria, e de 2.600 no da alimentación e bebidas, ao contrario do acontecido na industria de papel, cun descenso de 1.700 persoas.

No que atinxe á situación profesional dos

ocupados, o 79,2% dos ocupados galegos no primeiro trimestre do ano son traballadores por conta allea (831.400 persoas) fronte ao 20,8% restante (218.200 ocupados) que son traballadores por conta propia. No que aos asalariados se refire, Galicia conta con 643.300 traballadores no sector privado, o 61,3% da poboación ocupada galega, e 188.100 ocupados no sector público (17,9%). Entre os traballadores por conta propia, saleintan os empresarios sen asalariados ou traballadores independentes, con 140.500 persoas, o 13,4% da poboación ocupada galega.

Composición relativa da ocupación en Galicia no primeiro trimestre 2010, 2014, 2018: distribución segundo principais ramas de actividade



Fonte: IGE

Comparado coa estrutura da ocupación no conxunto do Estado, unha primeira diferenza radica no maior peso relativo dos traballadores por conta propia, tanto daqueles que teñen asalariados ao seu cargo (5%) como dos empresarios sen asalariados ou traballadores independentes (10,7%).

Doutra banda, entre os asalariados o peso relativo do sector público segue sendo superior á media española (16,5% no conxunto do Estado), a diferenza do acontecido no caso do sector privado (67,2%).


Atendendo á evolución da ocupación

respecto ao mesmo período do ano anterior, tanto en Galicia como en España medra o número de traballadores por conta allea e descende no caso dos traballadores por conta propia, sendo esta tendencia máis acusada na Comunidade autónoma. Dunha banda, o número de traballadores por conta propia descende en Galicia un 6,1% (-14.400 persoas) fronte ao 0,5% no conxunto do estado, estando xustificada este diferencial polo forte descenso dos empresarios sen asalariados (10,1% en Galicia e 1,6% en España). Doutra banda, o maior crecemento dos asalariados en Galicia (3,8% fronte aos 2,9% en España), explícase pola evolución do emprego público, que medra en Galicia un 8,2% fronte ao 4,4% en España. Os asalariados no sector pri-

vado medran tanto en España como na C.Autónoma un 2,6%.


Atendendo á calidade de emprego creado no primeiro trimestre de 2018, a diferenza do acontecido no primeiro trimestre do ano anterior, o número de asalariados aumenta tanto entre aqueles que asinan contratos temporais como indefinidos. En 2018 os asalariados con contratos indefinidos aumentan lixeiramente por riba do que acontece con asalariados temporais (15.300 e 15.000 persoas, respectivamente), contando Galicia con 221.700 asalariados temporais, o que representa o 26,7% dos asalariados. Dende o primeiro trimestre de 2014, cando se acada o nivel máis baixo, a temporalidade aumentou en 5,4 puntos.

Poboación ocupada en Galicia e España no 1º trimestre 2018: distribución porcentual segundo situación porcentual



Fonte: INE

Evolución da taxa de temporalidade en Galicia 2006-2018



Fonte: IGE

DESEMPREGO

